



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LARACHA, A

Concesión demanial do bar-cafetería do centro sociocultural de Paiosaco

Por Decreto de alcaldía núm. 835/2026 de 28.05.2026 aprobouse o proxecto de concesión demanial do bar-cafetería do centro sociocultural de Paiosaco redactado polos servizos técnicos municipais de data 28/05/2026, e o Prego de Clausulas Administrativas Particulares regulador da concesión demanial (PCAP) de data 28/05/2026; e someteuse o expediente a un periodo de información pública mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia por prazo de trinta días, a efectos de reclamacións e suxestións. Non constan presentadas alegacións durante o prazo de exposición pública do expediente.

Por Decreto de alcaldía núm. 1705/2026 de 07.07.2026 aprobase o expediente para a concesión de uso privativo do bar-cafetería do centro sociocultural de Paiosaco, convocando a súa licitación de acordo do proxecto de concesión demanial do bar-cafetería do centro sociocultural de Paiosaco redactado polos servizos técnicos municipais de data 28/05/2026, e o Prego de Clausulas Administrativas Particulares regulador da concesión demanial (PCAP) de data 28/05/2026.

Visto o anterior procedese á publicación da convocatoria da licitación da concesión de uso privativo do bar-cafetería do centro sociocultural de Paiosaco mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello [<https://sede.alaracha.gal>]. A documentación da licitación estará publicada na sede electrónica do Concello xunto con ese anuncio.

O prazo de presentación de ofertas será de trinta días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme ao artigo 96.3 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (artigo de aplicación supletoria ás Entidades Locais).

A presentación das ofertas realizarase a través da sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.gal).

A Laracha, 9 de xullo de 2026

O alcalde en funcións

José Ramón Martínez Barbeito

2026/4628